



ibermutuamur

Mutua colaboradora coa
Seguridade Social n.º 274

Ibermutuamur,
a túa mutua

Ibermutuamur, a túa mutua

Somos a mutua colaboradora coa Seguridade Social que contratou a túa empresa para darlles unha resposta integral ás túas necesidades no caso de que teñas algún accidente de traballo ou enfermidade profesional, por medio de actuacións de asistencia sanitaria e rehabilitadora así como de xestión de prestacións económicas e sociais.

Que servizos e prestacións recibes da mutua

Se tes un accidente de traballo ou desenvolves unha enfermidade profesional, Ibermutuamur prestarache os seguintes servizos:

Asistencia sanitaria: ofrecemos os servizos de urxencias médicas, asistencia ambulatoria e hospitalaria e especialidades médico-cirúrxicas.

Rehabilitación e fisioterapia: o Servizo de Rehabilitación está integrado por médicos rehabilitadores e fisioterapeutas que aplican as técnicas máis adecuadas para cada tratamento (hidroterapia, termoterapia, electroterapia, laserterapia, magnetoterapia, etc.).

Readaptación profesional e asistencia social e psicolóxica: a través dun equipo interdisciplinario composto por médicos rehabilitadores, psicólogos, traballadores sociais e expertos na formación para adultos, favorecemos a reinserción no mundo laboral das persoas que tiveron un accidente de traballo.

Cobertura das prestacións económicas: asumimos as prestacións económicas derivadas do accidente de traballo e a enfermidade profesional: incapacidade temporal, lesións permanentes que non causan invalidez, incapacidade permanente (parcial, total, absoluta e grande invalidez), morte e supervivencia (auxilio por defunción, viuvez, orfandade e a favor de familiares).

Coa entrada en vigor da Lei orgánica 3/2007, o Real decreto 295/2009 e o Real decreto 1148/2011, asumimos tamén as prestacións por risco durante o embarazo e por risco durante a lactación natural, así como a prestación económica para o coidado de menores afectados polo cancro ou por outra enfermidade grave.

Prestacións sociais: a través da Comisión de Prestacións Especiais, atendemos as situacións de necesidade especiais e individuais dos traballadores que sofren invalidez permanente ou situacións prolongadas de incapacidade temporal como consecuencia dun accidente de traballo ou dunha enfermidade profesional.

Como acceder aos servizos e prestacións no caso de accidente ou enfermidade laboral (continxencia profesional)

No caso de accidente laboral, debes acudir ao centro asistencial de Ibermutuamur máis próximo. Se descoñeces onde está situado, podes pórtelo en contacto coa **Liña de Atención Telefónica Integral 24 horas, 900 23 33 33**, ou consultar a **rede de centros** na nosa páxina web: www.ibermutuamur.es.

Procura levar contigo o «volante de solicitude de asistencia sanitaria» (podes descargalo na nosa páxina electrónica). Se non podes levar este documento, é conveniente que non te esquezas da túa tarxeta da Seguridade Social, DNI ou calquera outro documento que te identifique e que indique a que empresa pertences.

No caso de urxencias vitais e accidentes graves, chama decontado:

Á **Liña de Atención Telefónica Integral 24 horas, 900 23 33 33**, que atende e xestiona as urxencias médicas por accidente de traballo e enfermidade profesional, tanto en España coma no estranxeiro.

Para solicitar asistencia no estranxeiro deberás telefonar ao número +34 91 744 51 01.

Ou ao **teléfono de urxencias** da túa zona xeográfica: **112** (ou se mellante).

No caso de baixa por continxencia profesional

Se despois de recibir asistencia sanitaria non podes continuar a traballar, os servizos sanitarios de Ibermutuamur expedirán o teu parte médico de baixa por duplicado para que conserves unha das copias e lle entregues a outra á túa empresa. Desta maneira, poderás acreditar diante da túa empresa que te atopas nunha situación que che impide continuar coa túa actividade laboral. Esta situación de baixa determina o comezo das prestacións económicas de incapacidade temporal que recibirás durante todo o tempo que non poidas desenvolver a túa actividade laboral.



Que outros servizos che ofrece a mutua?

Servizos integrais de atención sanitaria laboral:

Escola de Costas: proporciona unha asistencia global que, a través dun programa de educación e adestramento, permite mellorar a atención e avaliación das patoloxías nas costas dos pacientes en procesos de incapacidade temporal cubertos por Ibermutuamur.

Laboratorios de biomecánica: neles avaliase de forma obxectiva o estado funcional do sistema músculo-esquelético daqueles traballadores que se encontran nunha situación de incapacidade temporal após sufrir un accidente laboral ou unha enfermidade común, e que presentan algún tipo de limitación ou dificultade para retomar as actividades que acostumaban facer antes do accidente.

Unidade de Rehabilitación e Telerrehabilitación Cardíaca: especializada na rehabilitación integral dos pacientes que padeceron recentemente unha anxina de peito, un infarto de miocardio, etc., e se atopan nun proceso de incapacidade temporal (baixa médica) cuberto por Ibermutuamur. Mellora a calidade de vida destes pacientes e reduce o número de incapacidades permanentes que causa esta enfermidade.

Unidade do Sono: especializada na avaliación e diagnóstico de pacientes con procesos de baixa directamente relacionados cos trastornos do sono cubertos pola mutua.

Telemedicina e Servizo Sanitario de Asistencia Remota (Servizo-SAR): a dotación tecnolóxica de todos os nosos centros con sistemas de videoconferencias, así como coa dixitalización das probas diagnósticas (radioloxías, electrocardiografías e analíticas) e da historia clínica dos pacientes, fai posible que varios especialistas consulten á vez e en tempo real os distintos resultados.

Ademais, contamos cun servizo sanitario de asistencia remota para o control e seguimento dos procesos preoperatorios e postoperatorios dos traballadores accidentados que teñan, ademais, determinadas patoloxías crónicas, e requiran unha avaliación médica continuada do tratamento ao que estean adscritos, dado o grao de complicacións asociadas que poden chegar a orixinarlles estas patoloxías.

Servizos de atención e información:

A Liña de Atención Telefónica Integral 24 horas: a través do número gratuito 900 23 33 33, poderás realizar todas as xestións que necesites relacionadas con Ibermutuamur. Deste xeito, poderás **solicitar asistencia sanitaria por accidente de traballo ou enfermidade profesional tanto en España coma no estranxeiro as 24 horas do día e todos os días do ano** (para solicitar asistencia dende o estranxeiro deberás telefonar ao número: + 34 91 744 51 01), **realizar consultas e obter información e asesoramento sobre a rede de centros de Ibermutuamur e as súas coberturas, prestacións e servizos e, finalmente, comunicar posibles queixas e reclamacións relacionadas cos servizos prestados.**

Este servizo tamén proporciona **información sobre os trámites e xestións que deben facer os traballadores desprazados ou que se despracen ao estranxeiro.**

Oficina de Atención ao Cliente: proporciona información sobre os nosos servizos, prestacións e coberturas, e xestiona as solicitudes, suxestións e reclamacións dos nosos clientes.

Portal do paciente: neste portal poderás consultar en liña a túa historia clínica (episodios e asistencias médicas) se tiveches algún proceso asistencial en Ibermutuamur, coa garantía de poder dispoñer dos teus datos en todo momento e de maneira confidencial.

Outros servizos:

Guía para Pacientes: trátase dun documento explicativo no que se detallan todos os servizos, tanto asistenciais como de atención e información, alén de todas as prestacións e dereitos aos que teñen dereito os pacientes en función da continxencia que orixínase o seu proceso asistencial en Ibermutuamur. Esta guía está dispoñible nos mostradores de admisión dos servizos médicos, nas oficinas de atención ao cliente dos centros e na páxina web corporativa. Ademais, poderás descargala por medio dun código bidi no teu ordenador, *smartphone* ou tableta.

Portal de Seguridade e Saúde Laboral: é un portal especializado na prevención de riscos laborais cuxo obxectivo é difundir e fomentar unha auténtica cultura preventiva para reducir a sinistralidade laboral e promover novas prácticas empresariais.

Coñece un pouco máis sobre Ibermutuamur

Na actualidade, **Ibermutuamur** ten asociadas máis de **137 000 empresas**, **protexe máis de 1 millón de traballadores** e conta cunha rede asistencial de **100 centros propios** e case **1000 concertados** en toda España.

Segundo os datos da enquisa sobre a calidade dos servizos que realiza Ibermutuamur cada ano, **o 91 % dos mutualistas manifiestan estar «satisfeitos»** cos servizos recibidos na mutua.





Mutua colaboradora coa
Seguridade Social n.º 274

Ibermutuamur, a túa mutua

 900 23 33 33
www.ibermutuamur.es



SÍGANOS EN:

